










The Corunna boats

Xelis de Toro

XERAIS





FICHA TÉCNICA

Título: *The Corunna boats*
Autor: Xelís de Toro
Editorial: Edicións Xerais de Galicia
Colección: Fóra de Xogo
Nº páxinas: 136
ISBN: 84-9782-104-1




O AUTOR

2

XELÍS DE TORO

Nacido en Santiago en 1962, foi cantante e letrista dos Quinindiola. Comezou no mundo literario galego escribindo e editando revistas como *Favorita* e *Terminal*. En 1989 obtivo o premio Compostela Cultural con *Seis cordas e un corazón* que asinou cun dos seus pseudónimos, *Roque Morteiro*. En 1990 gañou o premio Cidade de Lugo con *Non hai misericordia* e en 2000 o premio Arcebispo San Clemente con *Os saltimbanquis no paraíso*. Outra obra súa é *Terminal*.





O LIBRO

Robin Donegan é abandonado en terras leonesas polo exército inglés de Sir John Moore que, perseguido polas tropas francesas, iniciaba a súa retirada camiño do porto da Coruña.


Dende ese momento, este inglés de trece anos emprenderá unha longa viaxe na procura de «The Corunna boats», na que contará coa axuda, a protección e a amizade da familia do xitano Marcial. Nesta viaxe coñecerá as penurias e os horrores daquela guerra da francesada, librada en Galicia hai case douscentos anos e na que, ao seu remate, deberá escoller a ruta que oriente a súa vida.



TEMAS E VALORES

- Novela iniciática con trasfondo histórico. O protagonista está a realizar unha viaxe real e tamén un percorrido vital, ao final do cal deixará de ser un rapaz para converterse nun adulto.
- A Guerra da Independencia en Galicia. O papel dos ingleses e os franceses naquela contenda.
- O amor e a amizade. O nacemento das grandes amizades e a aparición do amor.
- A importancia de sentirse parte duna familia.
- As decisións que orientarán a vida futura. A dificultade para tomalas e asumilas.
- O mundo xitano. A difícil situación dunha minoría étnica en momentos de guerra.





ACTIVIDADES

ANTES DA LECTURA:

- O título do libro, a ilustración de Pepe Carreiro na capa, o resumo argumental da contracapa, o nome do autor e do ilustrador da portada... todos eses datos darannos pé para unha posta en común na que cada un vaia achegando o que se lle ocorra en relación ao lugar no que se desenvolverá a acción, o tema...
- Buscarase información sobre o autor no apartado que leva ese nome no libro.
- A continuación, o apartado «Últimos libros da colección» facilitará que alguén que os lese con anterioridade nos comente a súa opinión sobre as lecturas feitas, así como de calquera outro libro desta colección.
- Lemos a dedicatoria e imaxinamos a que se refire coa «póla coruñesa».
- As citas irán anticipando o ambiente xeral desa retirada do exército inglés.

4

AO LONGO DA LECTURA:


- Os capítulos non teñen título. Iso permitirannos poñerllo unha vez rematada a lectura, a modo de resumo.
- Iremos anotando os personaxes conforme aparecen e describindo cada un deles. Mesmo podemos retratalos.
- Documentémonos acerca desa época e da guerra contra a invasión francesa, chamada Guerra da Independencia.
- No texto tamén aparecen personaxes históricos como Sir John Moore, Napoleón Bonaparte ou o de la Romana. Documentarémonos acerca deles e do papel que representaron na súa época.
- Indaguemos onde está situada a tumba de Sir John Moore. Busquemos o poema que Rosalía lle escribiu, leámolo e lembremos que nese lugar e, mentres lía esa poesía, coñeceu Avilés de Taramancos a Urbano LUGRÍS. Busquemos información sobre estes creadores.
- Situaremos nun mapa os lugares que aparecen citados ao longo desa viaxe cara á Coruña (Astorga, río Esla, A Bañeza, Manzanal, Benavente...) e explicaremos onde quedan aqueloutros dos que se fala pero que non forman parte do percorrido (Lisboa, Condado de Sussex, Madrid, Badaxoz...).

- Ao longo da lectura atoparémonos cunha serie de palabras (*dioivo, fachinelo, gorida, escas, calcañares, acubillo, salferido, fisgoa, saraiba, capelexar, migueletes, cachimani, bainca, celeiro, valmontes, chaboro, chori, xarutos, paios, esmiolar, aloulelados, arneses...*) que nos poden resultar de difícil comprensión. Vaiámolas apuntando; anotaremos ao lado o significado aproximado e, logo, confirmémolo comentándoo cos demais ou buscando nalgún dicionario.
- Busquemos aquelas palabras que son propias da lingua dos xitanos.
- Recollamos as datas que aparecen no relato. Relacionémolas, por medio dun manual de Historia, co que estaba sucedendo na península Ibérica nese momento. Tamén poderemos asociar este momento con algún dos cadros de Goya.
- Como é normal, tratando o tema da retirada dun exército, hai moitas palabras do campo semántico de guerra (*canonazos, disparos...*) e tamén do campo semántico de exército (*batallón, brigada...*). Completa as listaxes.
- O soldado Donegan pensa que é unha terra triste pola que pasa, sen árbores nin campiñas coma os seus queridos outeiros de Susses. Localicemos esa terra á que se está referindo.
- Busquemos, no texto, a descrición da cidade da Coruña.
- Conforme o protagonista realiza o seu camiño vai cambiando o clima, pasando dunha chuvía continua á neve e á tormenta. Localicemos cada unha das situacións atmosféricas nunha zona.
- Na novela aparecen recollidos feitos que nos chaman a atención e sobre os que poderemos reflexionar e debater: os dous rapaces agachando os bois dun e outro exército, o exército inglés destruindo explosivos e municións por medo a que caian nas mans dos franceses...
- Hai un par de situacións misteriosas que nos chaman a atención, situacións nas que o perigo se mascara e nas que un segredo arrodea as escenas. ¿Cales serán?
- As terras de León aparecen representadas como lugar de paso de maragatos e arrieiros con mercadorías en carros e tamén de galegos que baixan á sega ás terras castelás. Podemos buscar un poema de Rosalía de Castro no que se refire a estes galegos.
- Contestemos: ¿Cal será a terra encarnada da que se fala no relato? ¿En que momento aparece a seguinte descrición: «...Coma se os viaxeiros estiveran no medio de nubes»? ¿Quen axuda a Robin ao longo do camiño? ¿En que momento enferma o inglésiño? ¿Quen e como o cura? ¿Quen lle salva a vida a Robin e en que lugar?
- Busquemos os donos destas frases: «Para ser un can falas coma un porco»; «Cando as cousas non van ben, sempre é bo ter alguén á man a quen botarlle as culpas dos males»; e «Non me fales coma os galegos; fala claro, xitano».
- Expliquemos cal pode ser o sentido da última frase da actividade anterior.
- Busquemos opinións encontradas sobre Sir John Moore. Observemos a contradición que se produce cando a xente trata aos ingleses coma a un exército invasor cando eles viñeran a axudarlles fronte aos franceses... ¿A que cremos que pode deberse isto?

- Sobre un plano da Coruña, localicemos os lugares que aparecen citados: a Pescadería, Elviña...
- Na páxina 93 aparece citada a Xunta de Galicia pero, claro está, non poden estar referíndose ao goberno autonómico actual. Busquemos datos acerca desoutra Xunta.
- Pensemos na imaxe que máis nos sorprendeu ao longo da novela e compartámola cos demais (é posible que coincidan ou non).
- Robin sofre unha dobre traxedia: o abandono de quen consideraba o seu pai e a derrota do exército inglés, pero aínda así o seu futuro non parece tan desesperado coma o de Marcial. Falemos sobre isto, sobre as repercusións das guerras sobre os grupos máis desfavorecidos (nenos, mulleres, vellos, minorías étnicas) e como se reflicte na novela.
- Investiguemos a situación dos xitanos noutras guerras, na Segunda Guerra Mundial, na dos Balcáns...
- Continuemos narrando a historia daqueles personaxes que a historia foi deixando atrás: Marcial e as dúas mulleres que o acompañan, os dous rapaces de Gusendes, Lorenzo Arcamás...
- Na Coruña preséntasenos unha muller que vai recollendo orfos despois de que o seu fillo morreu. Trátase dunha personaxe especial. Pensemos noutras que nos sorprenden.
- O paso doutros pobos polo noso deixa pegadas que ás veces podemos atopar na onomástica. Vexamos se damos atopado algún apelido que date daquela época e desas influencias.
- Na novela nárراسenos coma Robin será testemuña dun feito histórico: a morte de Moore e o seu enterro nun xardín da cidade vella. Lembremos cal é ese xardín. Realicemos unha narración na que o noso protagonista sexa tamén testemuña doutro suceso histórico.
- Ao final, Robin ha tomar unha decisión e farao nunha encrucillada de camiños, á beira dun cruceiro, axudado polo talismán que a avoa xitana lle regalara. Escribamos a continuación desa historia.
- Unha vez rematada a lectura, pode ser o momento axeitado para falar da guerra e dos tipos de guerra; de se hai algunha xusta, do paso da invasión á resistencia e á independencia que se ten dado nalgunha delas, das que lembramos ao longo da Historia, das que se están dando na actualidade...

DESPOIS DA LECTURA:

- Encargaremos unha recomendación desta novela a alguén a quen lle gustase moito, logo publicarémola na revista escolar.
- Busquemos outros libros deste autor.
- Localicemos outras novelas históricas.
- Pensemos noutros textos nos que se narre a retirada dun exército.
- Repasemos a Historia da época reflectida na novela. Lembremos como foron as relacións con Francia e o Reino Unido ao longo da Historia e comentemos como son actualmente.
- Podemos ler o cómic de Pepe Carreiro *A retirada de Sir John Moore*, editado por Xerais, pois é outra mirada sobre este feito histórico.



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono de Bergondo
1ª Travesía - Parcela B1
15.165 Bergondo (A Coruña)
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660**

XERAIS

Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>

EDICIÓN XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro Martínez, 2005
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2005
Depósito legal: VG. 352-2005